

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

15876 *Real decreto 1089/2020, do 9 de decembro, polo que se desenvolven aspectos relativos ao axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.*

O réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea (en diante, RCDE UE), ferramenta principal da Unión Europea para a loita contra o cambio climático, foi instaurado mediante a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello. Esta directiva, modificada en sucesivas ocasións, traspúxose ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, así como mediante diversas disposicións normativas que permitiron implantar o RCDE UE en España durante tres períodos de comercio de dereitos de emisión, en concreto, os períodos que abranguen, sucesivamente, os anos 2005-2007, 2008-2012 e o vixente 2013-2020.

Co obxecto de intensificar a redución de emisións no cuarto período de comercio do RCDE UE, que abarca os anos 2021-2030, no ano 2018 a Unión Europea adoptou a Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814.

Esta directiva foi completada e desenvolvida mediante diversas normas da Unión Europea, en particular, por medio de regulamentos de aplicación á cuarta fase ou período de comercio en materia de seguimento e notificación, acreditación e verificación, e do Rexistro da Unión, xunto con outras normas para determinar a asignación gratuíta de dereitos de emisión e sobre os axustes da dita asignación. Cómpre destacar, respecto da asignación gratuíta, o Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, polo que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión consonte o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello. Antes de 2021 deberá estar aprobada no ámbito da Unión Europea a regulación relativa á determinación dos parámetros de referencia e, eventualmente, do factor de corrección intersectorial, que afectan a asignación gratuíta que corresponde ás instalacións no período de asignación 2021-2025.

Un dos obxectivos perseguidos pola Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, é mellorar a coherencia entre a asignación gratuíta de dereitos de emisión para as instalacións fixas e os seus niveis de actividade reais, intentando reducir, ademais, na medida do posible, o exceso das cargas administrativas aos titulares das instalacións. Nese sentido, esta directiva establece que se deberán axustar de forma simétrica as asignacións de dereitos de emisión das instalacións cuxas operacións –de acordo con avaliacións sobre a base dunha media móbil de dous anos (nivel medio de actividade)– aumentasen ou diminuísen máis do quince por cento en comparación co nivel utilizado inicialmente para determinar a asignación gratuíta de dereitos de emisión no período de asignación pertinente (nivel histórico de actividade). Os aspectos sinalados están recollidos nas alíneas m) e n) do artigo 1.14 da Directiva 2018/410, do 14 de marzo de 2018, que, respectivamente, modifican o punto 20 e engaden o punto 21 do artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003. A directiva habilita a Comisión Europea para adoptar actos de execución que definan mecanismos adicionais para os axustes.

As regras específicas para o axuste da asignación gratuíta foron concretadas e desenvolvidas no Regulamento de execución (UE) 2019/1842 da Comisión, do 31 de outubro de 2019, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello respecto das disposicións adicionais de axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión debido a modificacións do nivel de actividade.

Este regulamento detalla numerosas cuestións que a Directiva 2018/410, do 14 de marzo de 2018, non chegou a concretar. O regulamento precisa que para axustar a asignación gratuíta de dereitos de emisión debido a cambios na actividade da instalación se deberán comparar o nivel medio de actividade co nivel histórico de actividade a nivel de subinstalación, de acordo co artigo 10 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018. A cantidade total de dereitos de emisión que se asigne gratuitamente a unha instalación será a suma dos dereitos de todas as subinstalacións en que estea dividida a instalación. Esta suma será calculada de acordo co artigo 16 ou 18, segundo os casos, do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018.

Así mesmo, o Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019, define, no parágrafo 1 do seu artigo 2, o nivel medio de actividade para cada subinstalación. Este nivel medio de actividade enténdese como a media aritmética dos niveis de actividade anuais de dous anos naturais de funcionamento e establece que o primeiro ano para calcular o dito nivel medio de actividade debe ser o primeiro ano de cada período de asignación.

Este regulamento comunitario aclara, así mesmo, outras cuestións como son os limiares a partir dos cales se levará a efecto o axuste da asignación de dereitos debido a cambios do nivel de actividade. Estes limiares correspóndense cunha variación do quince por cento do nivel de actividade en termos absolutos, a nivel de subinstalación, para realizar o primeiro axuste e con variacións que superen intervalos consecutivos do cinco por cento para posteriores axustes. Así mesmo, só se deberán levar a efecto os ditos axustes cando impliquen unha variación de, polo menos, cen dereitos de emisión na asignación preliminar. Tamén aclara como proceder cando se produciu un cesamento ou unha suspensión da actividade nunha subinstalación. Ademais, regula determinadas particularidades relacionadas coas instalacións que son consideradas novos entrantes e coas novas subinstalacións tanto en instalacións existentes como en novos entrantes. Identifica, tamén, outros cambios a nivel de subinstalación que se deben ter en consideración para os efectos da asignación gratuíta de dereitos, de forma que se incentive a redución de emisións. Trátase de cambios relacionados con melloras de eficiencia enerxética, os cambios na subministración de calor, a intercambiabilidade de electricidade e combustible, así como a recuperación de enerxía dos gases residuais, entre outras cuestións.

As obrigacións de información foron presentadas de forma que mostren periodicamente e da forma máis actualizada posible o funcionamento das subinstalacións consonte as disposicións do mencionado Regulamento (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018, e do Regulamento de execución (UE) 2018/2067 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores, de conformidade coa Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

No ámbito nacional, co obxecto de articular as previsións da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, foron aprobadas recentemente dúas normas regulamentarias de aplicación no período 2021-2030: por unha banda, o Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030 e, por outra banda, o Real decreto 317/2019, do 26 de abril, polo que se define a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025 e se regulan determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións de baixas emisións do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. O Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, céntrase, principalmente, nos aspectos relacionados coa solicitude de asignación gratuíta de dereitos de emisión, pero

non se pronuncia sobre os aspectos relativos ao axuste da asignación unha vez que esta foi calculada para o período correspondente. Neste contexto, preséntase agora a necesidade de recoller tamén mediante unha nova norma regulamentaria os aspectos introducidos pola Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, e a súa normativa de desenvolvemento, relativos ao axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión durante o novo período 2021-2030. Desta forma, este real decreto traspón as referencias ás variacións na actividade que xustifican o axuste inicial da asignación que introduce o artigo 1, punto 14, alíneas m) e n) da Directiva, e completa a regulación pormenorizada que desenvolve o Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019, en materia de axustes.

Así mesmo, este real decreto traspón a obrigaçión de cumprir cos requisitos documentais para poder conceder asignación gratuíta, prevista no artigo 1, punto 17, no seu último inciso, da mencionada directiva.

Igualmente, regula outras cuestións derivadas do axuste da asignación, como a devolución de dereitos gratuítos no caso de terse producido un exceso na asignación e a suspensión da transferencia de dereitos gratuítos en determinados supostos.

Este real decreto consta de dezaseis artigos, repartidos en cinco capítulos, unha disposición adicional única, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No primeiro capítulo, titulado disposicións xerais, inclúense tres artigos. O primeiro concreta o obxecto da norma, que consiste en determinar os aspectos relacionados co axuste anual da asignación gratuíta de dereitos de emisión das instalacións fixas durante o período de comercio 2021-2030, incluídas as obrigaçións de información, e outros aspectos derivados do axuste, como son a devolución de dereitos. Inclúe, tamén, as cuestións relativas á expedición de dereitos de emisión e os aspectos relativos á asignación gratuíta a novos entrantes, todo iso consonte a Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a nova normativa da Unión Europea aplicable ao período de comercio 2021-2030. De conformidade coa normativa da Unión Europea, o período de comercio 2021-2030 divídese, no ámbito das instalacións fixas, en dous períodos de asignación, que son os seguintes: 2021-2025 e 2026-2030. No artigo segundo faise referencia expresa á forma de interpretar os termos e os conceptos a que se refire este real decreto, que non pode ser outra que a expresada pola Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a normativa da Unión Europea de referencia. No artigo terceiro concrétese o ámbito de aplicación deste real decreto.

O capítulo II desenvolve as obrigaçións de información relacionadas coa aplicación de axustes na asignación gratuíta, que supoñen unha novidade na fase IV do réxime de comercio de dereitos de emisión. Como punto de partida, establécese a obrigaçión de cumprir cos requisitos de achega documental e procédese, deste xeito, á transposición do último inciso do artigo 1.17 da Directiva 2018/410, do 14 de marzo de 2018. Confírmase, así mesmo, que, no que se refire ás obrigaçións de información, a canle de comunicación entre a Oficina Española de Cambio Climático e as comunidades autónomas será a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático. Entre as novas obrigaçións de información destacan as relativas ao plan metodolóxico de seguimento e ao informe de nivel de actividade. Así, todas aquelas instalacións que soliciten asignación gratuíta de dereitos de emisión para os períodos de asignación 2021-2025 e 2026-2030 deberán realizar un seguimento dos seus niveis de actividade a nivel de subinstalación con base nun plan metodolóxico de seguimento aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático, que deberá ser obxecto de actualización cando proceda. A primeira notificación do nivel de actividade realizarase ao presentar en 2021 o correspondente informe sobre nivel de actividade en que se incluírán os niveis de actividade correspondentes aos anos 2019 e 2020, que servirá para o cálculo dos axustes na asignación gratuíta a nivel de subinstalación. Neste sentido, é necesario que todas as instalacións que soliciten asignación gratuíta realicen o seguimento dos seus niveis de actividade a partir do 1 de xaneiro de 2019.

O capítulo III regula o procedemento para axustar a asignación gratuíta de dereitos de emisión como consecuencia de cambios nos niveis de actividade, que os titulares das instalacións terán que notificar consonte o capítulo II deste real decreto e de acordo co

establecido no Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019. Recóllense, tamén, neste capítulo outros supostos que dan lugar ao axuste da asignación para novos entrantes e para novas subinstalacións, tanto en instalacións existentes como en novos entrantes, e os casos en que se produce un cesamento da actividade. Menciónanse os casos de fusións e de escisións das instalacións con incidencia na asignación dos cales debe coñecer tamén a Oficina Española de Cambio Climático. Contén, igualmente, unha previsión para aquelas instalacións excluídas do RCDE UE que se reintroduzan nel e solicítasen asignación gratuíta. Nestes casos, deberán realizar o seguimento dos niveis de actividade a partir da súa reintrodución no réxime. Deberán, así mesmo, notificar os niveis de actividade correspondentes aos dous anos naturais anteriores á súa reintrodución para avaliar a necesidade de axustar a súa asignación gratuíta de dereitos de emisión. Finalmente, neste capítulo articúlase o procedemento de devolución de dereitos de emisión para os casos en que se producise un exceso na transferencia de dereitos gratuítos asignados á instalación. Deste xeito, habilítase a Oficina Española de Cambio Climático para executar de oficio, logo de apercibimento, a resolución do procedemento de devolución unha vez transcorrido o prazo sen que se fixese efectiva. Así mesmo, establécese que, no caso de que no momento da execución de oficio non existisen dereitos suficientes na conta de haberes do titular, se poderá proceder á prema sobre o patrimonio da cantidade líquida equivalente aos dereitos que se deban devolver e dos xuros de demora que, se é o caso, puidesen derivar. Esta previsión faise necesaria co fin de asegurar que os dereitos transferidos en exceso sexan devoltos á Administración; desta forma complétase a regulación existente.

No capítulo IV contéñense os aspectos relacionados coa expedición de dereitos gratuítos de emisión como consecuencia dos cambios nos niveis de actividade.

Finalmente, no capítulo V, dedicado aos novos entrantes, inclúense disposicións específicas para regular a solicitude de asignación gratuíta. Os axustes da súa asignación de dereitos réxense polo disposto no capítulo III desta norma. É preciso lembrar que a definición de novos entrantes é a que recolle a normativa da Unión Europea de aplicación.

Por último, a disposición adicional única habilita a Oficina Española de Cambio Climático para solicitar información ás instalacións suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión que non reciben asignación gratuíta, pero cuxa configuración ou actividade poida ter incidencia na asignación doutras instalacións coas cales manteñen algún tipo de conexión técnica. Con iso preténdese velar polo bo funcionamento do réxime xeral de comercio de dereitos de emisión. A disposición transitoria establece que o Real decreto 1722/2012, do 28 de decembro, polo que se desenvolven aspectos relativos á asignación de dereitos de emisión no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, continuará sendo de aplicación e manterá os seus efectos en todos os aspectos obxecto da súa regulación que afecten o período de comercio 2013-2020.

A norma conclúe cunha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras, relativas, respectivamente, aos títulos competenciais, á incorporación ao dereito da UE e á entrada en vigor da norma.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, a norma respecta os principios de necesidade e eficacia, xa que se xustifica na necesidade de introducir no ordenamento xurídico as disposicións necesarias para a realización dos axustes da asignación gratuíta de dereitos de emisión das instalacións fixas situadas en España ás cales é de aplicación o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030, así como o detalle sobre as obrigacións de información.

Este real decreto é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución deste fin, en que se inclúe a transposición daqueles puntos da Directiva (UE) 2018/410, do 14 de marzo de 2018, que introducen as circunstancias determinantes do axuste da asignación e das obrigacións de información.

Cumple co principio de proporcionalidade xa que a regulación se limita ao mínimo imprescindible na transposición e no desenvolvemento da normativa da Unión Europea, no que se refire a definir a documentación necesaria, o procedemento para a tramitación do axuste e as cuestións que derivan del.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento, comprensión e aplicación e, como consecuencia, a actuación e a toma de decisións das persoas, das empresas e dos órganos autonómicos.

En aplicación do principio de transparencia e en cumprimento do artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, durante a tramitación deste real decreto realizouse a consulta pública previa e a audiencia e a información públicas, e remitiuse o proxecto ao Consello Asesor de Medio Ambiente. Así mesmo, as comunidades autónomas foron consultadas no marco dos órganos colexiados establecidos en materia de cambio climático e foron emitidos os correspondentes informes dos departamentos ministeriais.

Finalmente, e en aplicación do principio de eficiencia, limítanse as cargas administrativas ás imprescindibles para acadar os fins descritos, sempre dentro do marco do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como o Consello Nacional do Clima, a Comisión de Coordinación Políticas de Cambio Climático e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Este real decreto fundaméntase na habilitación contida na disposición derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente previstas, respectivamente, no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar, durante o período de comercio de dereitos de emisión, que abrangue os anos 2021 a 2030, os aspectos relativos ao axuste da asignación gratuíta anual de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro das instalacións fixas situadas en España suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea, incluídas as obrigacións de información. Así mesmo, regúlanse as cuestións relativas á expedición de dereitos de emisión, así como aspectos relativos á asignación gratuíta de dereitos de emisión ás instalacións consideradas novos entrantes.

Artigo 2. *Definicións.*

Todos os termos e os conceptos a que se refire o presente real decreto se interpretarán de conformidade coas definicións previstas na normativa vixente na materia, en particular, na Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro; no Regulamento delegado (UE) 2019/331 da

Comisión, do 19 de decembro de 2018, polo que se determinan as normas transitorias da Unión para a harmonización da asignación gratuíta de dereitos de emisión consonte o artigo 10 bis da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello; e no Regulamento de execución (UE) 2019/1842 da Comisión, do 31 de outubro de 2019, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello respecto das disposicións adicionais de axuste da asignación gratuíta de dereitos de emisión debido a modificacións do nivel de actividade.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable durante o período de comercio 2021-2030 ás instalacións fixas situadas en España incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión da Unión Europea, de conformidade coa Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a súa normativa de desenvolvemento, así como na normativa da Unión Europea, sempre que non fosen excluídas de conformidade coa disposición adicional cuarta da citada lei, e co Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, polo que se desenvolven aspectos relativos á aplicación do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no período 2021-2030.

2. O anterior entenderase sen prexuízo do previsto na disposición adicional única deste real decreto respecto das instalacións sen asignación gratuíta de dereitos de emisión aprobada.

CAPÍTULO II

Obrigacións de información

Artigo 4. *Cumprimento dos requisitos relativos á asignación gratuíta de dereitos de emisión e colaboración e cooperación entre administracións públicas.*

1. Só recibirán asignación gratuíta de dereitos de emisión aquelas instalacións que cumpran cos requisitos establecidos pola normativa da Unión Europea relativos á asignación gratuíta de dereitos de emisión, incluídos os requisitos de achega de información e de documentación sinalados tanto na normativa da Unión Europea como os establecidos na Lei 1/2005, do 9 de marzo, e neste real decreto.

2. A Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e as comunidades autónomas cooperarán e colaborarán en materia das obrigacións de información referidas neste real decreto e na Lei 1/2005, do 9 de marzo, e subministraranse, para o exercicio das súas respectivas competencias, a información que conste no seu poder segundo as orientacións que se adopten no seo da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

En particular, a Oficina Española de Cambio Climático porá á disposición das comunidades autónomas a información correspondente aos informes sobre nivel de actividade, os informes de verificación e os axustes posteriores que se poidan producir nos dereitos asignados gratuitamente.

Artigo 5. *Plan metodolóxico de seguimento.*

1. Todas as instalacións que solicitasen asignación gratuíta de dereitos de emisión deberán realizar o seguimento dos niveis anuais de actividade das subinstalacións en que estea dividida a instalación, de conformidade coa normativa da Unión Europea e coa normativa nacional aplicable ao período de comercio 2021-2030, en concreto, co Regulamento delegado UE 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018. Unha vez aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático, o plan metodolóxico de seguimento servirá de base para realizar o seguimento dos niveis anuais de actividade.

2. No dito plan metodolóxico de seguimento describiranse a instalación e as súas subinstalacións, incluídos os seus principais procesos de produción, así como os procedementos e as metodoloxías de seguimento e de fontes de datos. O plan

metodolóxico de seguimento servirá como base para a recompilación e presentación dos datos necesarios para o cálculo da asignación gratuíta de dereitos de emisión dos períodos de asignación 2021-2025 e 2026-2030, e para a recompilación e presentación dos datos requiridos para axustar a asignación gratuíta de conformidade co artigo 10 bis, puntos 20 e 21, da Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE.

Artigo 6. Modificacións do plan metodolóxico de seguimento.

1. O titular da instalación modificará o plan metodolóxico de seguimento cando concorra algunha das circunstancias sinaladas na normativa da Unión Europea de aplicación para o período de comercio 2021-2030 e, en concreto, no artigo 9.2 do Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, de modo que queden reflectidos no dito plan da forma máis actualizada posible a natureza, as características, os datos sobre o funcionamento da instalación e as melloras de acordo coas recomendacións que se fagan no informe de verificación pertinente. O titular da instalación asegurará, cando proceda, que estas modificacións están en liña coa última versión do plan de seguimento de emisións notificado ao órgano autonómico competente, aínda que a dita versión estea pendente da súa aprobación.

2. O titular da instalación deberá comunicar, sen demora inxustificada, toda modificación prevista do plan metodolóxico de seguimento á Oficina Española de Cambio Climático. Sen prexuízo do anterior, no caso de que a dita modificación non sexa considerada importante consonte a normativa da Unión Europea e, en particular, o artigo 9 do Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, o titular da instalación poderá presentar a modificación do plan metodolóxico de seguimento antes do 31 de decembro do mesmo ano en que teña lugar a modificación.

3. Calquera modificación do plan metodolóxico de seguimento considerada importante consonte o artigo 9.5 do Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, deberá ser aprobada pola Oficina Española de Cambio Climático no prazo de seis meses desde a súa recepción. Cando a Oficina Española de Cambio Climático considere que a modificación notificada como importante polo titular da instalación non teña tal consideración consonte o mencionado artigo, informará sen demora inxustificada da dita circunstancia o titular da instalación.

4. O titular da instalación manterá un rexistro de todas as modificacións do plan metodolóxico de seguimento e especificará, polo menos, a información establecida no artigo 9 do Regulamento delegado (UE) 2019/331 da Comisión, do 19 de decembro de 2018, para o período de comercio 2021-2030.

Artigo 7. Informe sobre o nivel de actividade e informe de verificación.

1. Sen prexuízo do cumprimento das obrigacións establecidas no capítulo VI da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a partir de 2021 os titulares das instalacións que teñan outorgada asignación gratuíta de dereitos de emisión para o período de comercio 2021-2030 deberán remitirle á Oficina Española de Cambio Climático, como moi tarde o 28 de febreiro de cada ano, o informe sobre o nivel de actividade do ano natural anterior para cada unha das subinstalacións en que estea dividida a súa instalación, co obxecto de que se leve a cabo o axuste da asignación gratuíta anual de dereitos de emisión nos casos en que proceda, nos termos establecidos neste real decreto e no artigo 3 do Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019.

2. De acordo coa normativa da Unión Europea, o informe sobre o nivel de actividade deberá ser remitido no formato electrónico establecido para tal efecto pola Comisión Europea e conterá, como mínimo, a información seguinte:

a) Os datos sobre o nivel de actividade do ano natural anterior que correspondan a cada subinstalación en que estea dividida a instalación, con excepción do informe que se

deberá presentar como moi tarde o 28 de febreiro de 2021, que deberá incluír os datos correspondentes á actividade dos anos 2019 e 2020.

b) Información sobre cada un dos parámetros enumerados nas seccións 1 e 2, excepto o 1.3.c) do anexo IV do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018.

c) Se é o caso, información sobre a estrutura do grupo a que pertence a instalación, tal e como se define no artigo 2, punto 6, do Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019.

d) Información relativa ao cesamento ou á suspensión da actividade dalgunha ou de varias das subinstalacións en que estea dividida a instalación.

3. O seguimento dos datos de nivel de actividade deberá realizarse de acordo cos requisitos de seguimento establecidos no plan metodolóxico de seguimento, de conformidade co artigo 8 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018.

4. Xunto co informe sobre o nivel de actividade referido no punto 1, os titulares das instalacións fixas que teñan outorgada asignación gratuíta de dereitos de emisión deberán remitir á Oficina Española de Cambio Climático, como moi tarde o 28 de febreiro de cada ano, un informe de verificación do informe sobre o nivel de actividade, conforme o disposto na parte A do anexo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e o Regulamento de execución (UE) 2018/2067, do 19 de decembro de 2018, relativo á verificación dos datos e á acreditación dos verificadores de conformidade coa Directiva 2003/87/CE, do 13 de outubro de 2003.

Artigo 8. *Valoración do informe sobre o nivel de actividade.*

1. O informe sobre o nivel de actividade verificado será valorado pola Oficina Española de Cambio Climático, de conformidade co establecido no artigo 3.4 do Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019. Á vista da información presentada, axustarase a asignación gratuíta de dereitos de emisión de cada subinstalación, cando proceda, de acordo cos artigos 9, 10 e 11 deste real decreto.

2. A Oficina Española de Cambio Climático poderá realizar unha estimación prudente do valor de calquera dos parámetros incluídos no informe sobre o nivel de actividade nos casos seguintes:

a) Cando o titular non presentase o informe sobre o nivel de actividade verificado como moi tarde o 28 de febreiro de cada ano.

b) Cando o dato verificado do nivel de actividade non cumpra o disposto no Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019, e no Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018 e, en particular, cando o verificador ditaminase que o informe sobre o nivel de actividade non é satisfactorio.

c) Cando o informe sobre nivel de actividade do titular dunha instalación non se verificase de conformidade co Regulamento de execución (UE) 2018/2067, do 19 de decembro de 2018.

d) Cando un verificador indicase no informe de verificación previsto no Regulamento de execución (UE) 2018/2067, do 19 de decembro de 2018, a existencia de inexactitudes non importantes que non fosen corrixidas polo titular da instalación antes da emisión do informe de verificación. Neste caso, informarse a instalación das correccións que requira o informe sobre o nivel de actividade. A instalación deberá pór á disposición do verificador a información recibida por parte da autoridade competente.

En todos os supostos previstos neste punto se substanciará o trámite de audiencia previa ao titular da instalación conforme o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Á vista da información presentada, axustarase a asignación gratuíta de dereitos de emisión, cando proceda, de acordo co procedemento establecido no artigo 9 deste real decreto.

En ningún caso se aumentará a asignación dunha instalación con base nunha estimación prudente no suposto da alínea a).

CAPÍTULO III

Axustes e devolución da asignación gratuíta de dereitos de emisión

Artigo 9. *Axustes na cantidade de dereitos de emisión asignados de maneira gratuíta ás instalacións.*

1. A Oficina Española de Cambio Climático determinará anualmente o nivel medio de actividade de cada subinstalación, entendido como a media aritmética dos niveis de actividade dos dous anos anteriores. Esta determinación basearase nos informes sobre o nivel de actividade, referidos no artigo 7 deste real decreto.

2. A Oficina Española de Cambio Climático comparará, con carácter anual, o nivel medio de actividade de cada subinstalación co nivel histórico de actividade utilizado para determinar a asignación gratuíta da subinstalación no período de asignación correspondente.

Cando o valor absoluto da diferenza entre o nivel medio de actividade dunha subinstalación aumentase ou diminuíse máis do 15 por cento en comparación co nivel histórico de actividade, axustarase a cantidade de dereitos de emisión asignada á dita subinstalación e, polo tanto, á instalación, de acordo coa normativa da Unión Europea, en particular, co Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019.

Cando se realizase un axuste á asignación dunha subinstalación consonte o parágrafo anterior, os axustes subsecuentes realizaranse segundo se concreta nos artigos 5 e 6 do Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019.

3. A Oficina Española de Cambio Climático determinará anualmente se teñen que realizarse accións adicionais en relación cos axustes relacionados con melloras na eficiencia enerxética, cambios na cantidade de gases residuais queimados por razóns distintas á seguridade, cambios na calor importada de instalacións non incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión, cambios no factor de intercambiabilidade ou cambios relacionados con subinstalacións de vaporcraqueo e de cloruro de vinilo monómero, de acordo coa normativa europea e, en particular, conforme o artigo 6 do Regulamento de execución (UE) 2019/1842, do 31 de outubro de 2019.

4. Se, tras a valoración do informe prevista no artigo 8 e a análise a que se refiren os puntos anteriores deste artigo, a Oficina Española de Cambio Climático considera que procede o axuste na asignación, notificarallo ao titular da instalación no acordo polo que se iniciará o procedemento de axuste. Substanciarase o trámite de audiencia co titular da instalación conforme o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. No caso de que o titular manifestase expresamente a súa conformidade co axuste proposto pola Oficina Española de Cambio Climático no acordo de iniciación do procedemento, a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente resolverá sobre o axuste en cuestión.

En caso contrario, a Oficina Española de Cambio Climático examinará as alegacións formuladas polo titular da instalación e notificaralle a este a proposta de resolución do procedemento en que constará a proposta de axuste da asignación. Efectuado o novo trámite de audiencia co titular da instalación, en caso de proceder un axuste na asignación, a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente resolverá sobre o axuste en cuestión. En caso de non proceder o axuste na asignación, a Oficina Española de Cambio Climático arquivará as actuacións.

6. A resolución deberá ser adoptada no prazo de seis meses desde a data do acordo polo que inicia o procedemento de axuste. Transcorrido o dito prazo sen dital resolución, producirase a caducidade do procedemento. A dita resolución deberá ser adoptada pola persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, por proposta da Oficina Española de Cambio Climático, logo de conformidade da Comisión Europea. Así mesmo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e a Dirección Xeral da Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo emitirán informe sobre os axustes das asignacións de dereitos de emisión no ámbito das súas respectivas competencias e cando

a complexidade dos expedientes así o requira. Os ditos informes deberán ser remitidos á Oficina Española de Cambio Climático o máis axiña posible e, en calquera caso, nun prazo non superior a 20 días.

Contra a resolución da persoa titular da Secretaría de Estado, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 11.1.a) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. O dito recurso non poderá ser interposto ata que o anterior recurso potestativo de reposición sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta.

Artigo 10. Axustes da asignación gratuíta en caso de cesamento da actividade.

No caso de que unha subinstalación cesase a súa actividade, a asignación gratuíta da dita subinstalación axustarase a cero a partir do ano seguinte ao cesamento da actividade.

Artigo 11. Axustes nas asignacións gratúitas de dereitos de emisión dos novos entrantes e das novas subinstalacións.

1. Os axustes das asignacións gratúitas de dereitos de emisión das instalacións que sexan consideradas novos entrantes e das novas subinstalacións en que se dividan as instalacións existentes rexeranse polo establecido nos puntos 5 e 6 do artigo 5 do Regulamento de execución (UE) 2019/1842 da Comisión, do 31 de outubro de 2019, así como polo establecido no artigo 9 deste real decreto.

2. No caso dos novos entrantes e das novas subinstalacións, o nivel medio de actividade referido no artigo 9.1 deste real decreto non será calculado nos tres primeiros anos naturais de funcionamento.

Artigo 12. Axustes na asignación gratuíta en caso de reintrodución no réxime de comercio de dereitos de emisión das instalacións excluídas.

1. Cando unha instalación excluída do réxime de comercio de dereitos de emisión de acordo cos capítulos III e IV do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro, que solicitase asignación gratuíta se reintroduza no réxime conforme os artigos 8 e 9 do Real decreto 317/2019, do 26 de abril, polo que se define a medida de mitigación equivalente á participación no réxime de comercio de dereitos de emisión no período 2021-2025 e se regulan determinados aspectos relacionados coa exclusión de instalacións de baixas emisións do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, procederase ao axuste da súa asignación gratuíta no ano da súa reintrodución, cando así proceda.

2. O axuste a que se refire o punto anterior levarase a cabo de conformidade co disposto no artigo 9. Para tal efecto, o titular da dita instalación deberá presentar o informe sobre o nivel de actividade e o informe de verificación previstos no artigo 7, en que constarán os datos dos niveis de actividade correspondentes aos dous anos anteriores á reintrodución.

3. O ano da súa reintrodución, o titular da instalación deberá contar cun plan metodolóxico de seguimento actualizado acorde co establecido no artigo 8 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018, e aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático, de acordo co artigo 6 deste real decreto.

Artigo 13. Fusións e escisións.

1. Para os efectos da asignación gratuíta, os titulares de novas instalacións resultantes dunha fusión ou dunha escisión presentarán ante a Oficina Española de Cambio Climático a documentación e os informes previstos no artigo 25 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro, no prazo dun mes desde a modificación da autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro.

2. Baseándose nos datos recibidos, a Oficina Española de Cambio Climático determinará os niveis históricos de actividade no período de referencia para cada subinstalación de cada nova instalación recentemente formada despois da fusión ou da escisión consonte a normativa da Unión Europea.

3. A Oficina Española de Cambio Climático avaliará as fusións ou as escisións das instalacións, entre elas as escisións dentro do mesmo grupo empresarial, e notificará á Comisión Europea o cambio de titulares nos casos en que proceda.

Artigo 14. Devolución de dereitos de emisión.

1. No caso de que, á luz da información que consta no expediente de cada instalación e da información remitida anualmente no informe do nivel de actividade, se constatase a existencia de circunstancias que poñan de manifesto que foi transferido un exceso de dereitos de emisión en concepto de asignación gratuíta, os titulares das instalacións deberán devolver o exceso ou os dereitos que deban ser obxecto de devolución.

2. A Oficina Española de Cambio Climático iniciará de oficio o procedemento de devolución.

O acordo de iniciación do procedemento notificaráselles aos interesados, ou aos seus representantes, e concederáselles un prazo de quince días para formular alegacións, sen prexuízo do establecido no artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A resolución do procedemento corresponderalle á persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente por proposta da Oficina Española de Cambio Climático, logo de conformidade da Comisión Europea. Así mesmo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e a Dirección Xeral da Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo emitirán informe sobre os procedementos de devolución de dereitos de emisión no ámbito das súas respectivas competencias e cando a complexidade dos expedientes así o requira. Os ditos informes deberán ser remitidos á Oficina Española de Cambio Climático nun prazo non superior a vinte días.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a data do acordo de iniciación, tendo en conta para estes efectos os posibles casos de suspensión ou de ampliación do procedemento conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorrido o dito prazo sen que se lle notificase ao interesado resolución expresa, salvo por causa imputable a el, producirase a caducidade do procedemento.

3. Os titulares deberán devolver a cantidade de dereitos transferida en exceso no prazo máximo de seis meses desde a data da notificación da resolución do procedemento de devolución. Transcorrido o dito prazo sen que se fixese efectiva a devolución, a Oficina Española de Cambio Climático poderá proceder, logo de apercibimento, á súa execución de oficio.

4. No caso de que no momento da execución de oficio non existisen dereitos suficientes na conta de haberes do titular, poderase proceder á prema sobre o patrimonio da cantidade líquida equivalente aos dereitos que se deban devolver e dos xuros de demora que, se é o caso, puidesen derivar, de conformidade cos artigos 99, 100 e 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O valor dos dereitos corresponderase co prezo do dereito de emisión no mercado primario en que España poxase dereitos, correspondente ao día en que se dite a resolución do procedemento de devolución ou, na súa falta, co prezo correspondente ao día anterior máis próximo a el.

CAPÍTULO IV

Aspectos relacionados coa expedición de dereitos de emisión

Artigo 15. *Expedición de dereitos de emisión.*

1. A transferencia anual de dereitos de emisión á conta de haberes dos titulares de instalacións fixas non será ordenada mentres concorra algunha das seguintes circunstancias, de acordo co establecido na normativa da Unión Europea de aplicación:

a) Cesamento de actividade. Consonte a normativa da Unión, non se transferirán dereitos de emisión a partir do ano seguinte ao do cesamento de actividades da instalación.

b) Suspensión das actividades da instalación nun ano anterior á anualidade que se vai transferir sen que fosen restablecidas.

c) Diminución dos niveis de actividade de calquera das subinstalacións en que se dividiu a instalación ou outras circunstancias que comporten un axuste á baixa na asignación gratuíta outorgada á instalación sen que se ditase a resolución que aprobe a nova asignación.

d) Non ter remitido o informe sobre o nivel de actividade verificado satisfactoriamente, de acordo co establecido no artigo 7, e que a Oficina Española de Cambio Climático non determinase aínda que non procede aplicar un axuste na asignación gratuíta.

2. O órgano competente en materia de rexistro da Unión Europea poderá ordenar a transferencia da asignación aprobada á instalación no caso de que se producise un aumento dos niveis de actividade dunha subinstalación que implique un axuste á alza da asignación, sempre que en ningunha outra subinstalación da instalación se producise unha redución do nivel de actividade que implique un axuste á baixa da asignación. Con posterioridade, unha vez ditada a resolución que aprobe a cantidade de dereitos asignables que corresponde tras o axuste como consecuencia do aumento nos niveis de actividade, realizarase unha segunda transferencia complementando a primeira pola cantidade correspondente ao incremento da asignación.

CAPÍTULO V

Novos entrantes

Artigo 16. *Solicitudes de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro por novos entrantes.*

1. Os titulares de instalacións consideradas novos entrantes que desexen solicitar asignación gratuíta de dereitos de emisión deberanlle remitir á Oficina Española de Cambio Climático a documentación referida no punto seguinte como moi tarde o 28 de febreiro posterior ao primeiro ano completo de funcionamento da instalación. Non obstante o anterior, os titulares destas instalacións poderán presentar esta documentación e información como moi tarde o 28 de febreiro do ano seguinte ao primeiro día de funcionamento normal, de acordo coa definición do artigo 2 do Regulamento delegado 2019/331 (UE), do 19 de decembro de 2018.

2. Para poderen recibir asignación gratuíta, os titulares deste tipo de instalacións deberán remitirle á Oficina Española de Cambio Climático, para a súa aprobación, xunto coa información pertinente establecida no artigo 19.3 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, a documentación e a información seguinte de conformidade coa normativa aplicable da Unión Europea:

a) Un informe de novo entrante, previsto no artigo 5 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018, verificado e considerado satisfactorio, que conteña cada un dos parámetros indicados nas seccións 1 e 2 do anexo IV do dito regulamento para cada subinstalación por separado, con respecto ao primeiro ano natural tras o inicio do funcionamento normal.

b) Un plan metodolóxico de seguimento que se axuste ao establecido no artigo 8 do Regulamento delegado (UE) 2019/331, do 19 de decembro de 2018. Este plan metodolóxico de seguimento será aprobado pola Oficina Española de Cambio Climático.

c) O informe de verificación elaborado de acordo cos requisitos de verificación establecidos nas disposicións da Unión Europea pertinentes e co establecido no artigo 3 do Real decreto 18/2019, do 25 de xaneiro.

d) A referencia á data de inicio do funcionamento normal.

3. Os titulares deste tipo de instalacións solicitarán a asignación individualizada de dereitos de emisión unha vez que dispoñan de autorización de emisión de gases de efecto invernadoiro e sempre que cumpran cos requisitos establecidos na normativa da Unión Europea.

4. Para a presentación da documentación e da información referida nos puntos anteriores deste artigo, os titulares das instalacións e os verificadores utilizarán os formatos que a normativa da Unión estableza.

Disposición adicional única. *Solicitud de información a instalacións sen asignación gratuíta aprobada.*

1. A Oficina Española de Cambio Climático poderá solicitar información a instalacións que non reciben asignación gratuíta de dereitos de emisión no caso de que estas experimentasen cambios que poidan ter incidencia na asignación doutras instalacións con que manteñan algún tipo de conexión técnica.

2. As instalacións deberán facilitar a información requirida nun prazo de quince días hábiles desde a data en que se levase a cabo o requirimento da dita información por parte da Oficina Española de Cambio Climático.

Disposición transitoria única. *Asignación de dereitos de emisión referidos ao período de comercio 2013-2020.*

O Real decreto 1722/2012, do 28 de decembro, polo que se desenvolven aspectos relativos á asignación de dereitos de emisión no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, continuará sendo de aplicación e manterá os seus efectos en todos os aspectos obxecto de súa regulación que afecten o período de comercio 2013-2020.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto, e sen prexuízo do que se establece na disposición transitoria única, en concreto, o Real decreto 1722/2012, do 28 de decembro, polo que se desenvolven aspectos relativos á asignación de dereitos de emisión no marco da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do ambiente previstas, respectivamente, no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación ao dereito da Unión Europea.*

Os artigos 4 e 9.2. incorporan ao ordenamento xurídico español o disposto nos puntos 17 e 14.m) e n), respectivamente, do artigo 1 da Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018, pola que se modifica a

Directiva 2003/87/CE para intensificar as reducións de emisións de forma eficaz en relación cos custos e facilitar os investimentos en tecnoloxías hipocarbónicas, así como a Decisión (UE) 2015/1814.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ